

**PROCEDEMENTOS SIMPLES DE HIXIENE NA PRODUCCIÓN PRIMARIA
GANDEIRA:**

- **PROCEDEMENTO DE INSPECCIÓN E REMISIÓN DE ACTAS**
- **INCUMPRIMENTOS DO PROGRAMA**
- **PROCEDEMENTO DE VERIFICACION**

Servizo de Seguridade Alimentaria nas Producións Gandeiras

REV.	DATA	FOLLA/S MODIFICADAS	CAUSA DO CAMBIO
0			

	Elaborado por:	Revisado e aprobado por:
Nome	Marta Villaderde Acuña José Antonio Varela Señarís	Gerardo Rivero Cuesta
Sinatura		
Data	18/02/2016	

1.- PROCEDIMIENTO DE INSPECCIÓN E REMISIÓN DE ACTAS:

Os procedementos de control oficial centraranse nas condicións de **hixiene** da explotación e na **xestión sanitaria** desta, que demostren o correcto cumprimento da lexislación en materia de sanidade e alimentación animal.

Estes procedementos estrutúranse en 6 grandes bloques:

1. As condicións xerais de hixiene da explotación gandeira
2. A xestión adecuada da alimentación dos animais
3. A xestión sanitaria global da explotación
4. Uso racional dos medicamentos veterinarios
5. A xestión dos subprodutos derivados da actividade gandeira
6. Os rexistros que deben ser mantidos de forma obrigatoria

Ademais comprobaranse os “Requisitos especiais de hixiene nas explotacións de produción de leite (Regulamento 853/2004, anexo III sección IX)”, naquelas explotacións produtoras de leite.

(Ver:http://rede.agri.local/intranet/DocumentosGanderiaDetalle.do?cod_documento=63&descripcion=PLAN+XERAL+DOS+CONTROIS+DO+SERVIZO+DE+SEGURIDADE+ALIMENTARIA6.4 NATUREZA DO CONTROL: MÉTODOS OU TÉCNICAS USADAS PARA O CONTROL OFICIAL do PROGRAMA DE CONTROL OFICIAL DA HIXIENE DA PRODUCCIÓN PRIMARIA GANDEIRA 2016-2020).

ACTA DE CONTROL E INFORME DE INSPECCIÓN.

Este control apoiarase nun protocolo que examine o cumprimento das disposicións obrigatorias que establece a normativa e a comprobación da forma en que o produtor asegura o cumprimento destas. Se a explotación posúe programa de autocontrol, de aseguramento da calidade, poderase realizar unha verificación da súa aplicación. A inspección comezará coa análise da información previa existente sobre esa explotación. Na sistemática de inspección seguirase un esquema de mínimos ou "control".

Cada visita de control do programa, completárase cunha acta específica seguindo o modelo establecido e elaborado polo SERSEGAL (Ruminantes, Porcino, Avícola, Cunícola, Équidos, Apícola), na que consten os seguintes datos:

1. Datos relativos á empresa ou explotación.
2. Persoa responsable ante a que se realiza a inspección.
3. Feitos relevantes da inspección.
4. No seu caso, irregularidades detectadas e medidas aplicadas para a emenda dos problemas detectados e prazos impostos.
5. No seu caso, feitos que puidesen supoñer inicio dun procedemento sancionador ou imposición dalgunha das medidas de salvagarda establecidas no Regulamento (CE) n.º 882/2004.
6. Sinatura do veterinario oficial e do responsable da explotación, formulando as observacións sobre o seu contido.
7. Toma de mostras, se procede.

Despois de cada inspección en explotación e xunto coa cobertura do protocolo e acta, procederase a informatizala no Sistema Integrado, segundo o seguinte recadro:

CÓDIGO INSPECCIÓN N ISA	SUBCLASIFICACIÓN	INSP. CONTROL E PROTOCOLO HIXIENE PROD. PRIMARIA ASOCIADA	CÓD. ACTA INSPECCIÓN ASOCIADA
60		BOVINO	Acta insp. Normal (004)
61		OVINO-CABRÚN	
62		PORCINO	
63	630	AVICULTURA DE CARNE	
	631	AVICULTURA DE POSTA	
66		COELLOS	
67		EQUINO	
68		ABELLAS	

PROG. HIXIENE NA PROD. PRIMARIA: PNCOCA 2016 - 2020

1- Datos xerais do **Sistema Integrado**: Clasificación da inspección

- Causa: ISA segundo corresponda a especie animal da explotación.
- Tipo: - Aleatorio: A inspección foi programada no programa de control anual cos criterios do Plan de control.
- Dirixido: A inspección foi realizada por alarmas, denuncias, sospeitas,..

2- Resultado da inspección:

- Favorable: Non se observaron incumprimentos.
- Desfavorable: Incumprimento que xeran proposta de expediente sancionador.
- En período de emenda: Incumprimentos que non xeran proposta de expediente sancionador, incumprimentos con prazo de subsanación (dando un prazo de subsanación, que en todo caso deberá ser comprobado transcorrido ese prazo).

Unha vez feitas tódalas inspeccións do ano (programadas e non programadas) dende as distintas OACs de cada provincia, o servizo provincial de Gandaría debe recompilar estes resultados de forma que estean en disposición de emitir o informe de resultado que anualmente debe remitir ao servizo de Seguridade Alimentaria nas Producións Gandeiras.

O responsable do servizo provincial, debe recompilar os datos das súas OACs e enviar un arquivo único, cos datos recompilados da súa provincia, ao SERSEGAL (segundo formato Excel adxunto) e antes do 31 de xaneiro do ano seguinte, porque é na avaliación destes informes nos que se basea o programa de visitas de seguimento ás explotacións (explotacións de alto, medio e baixo risco) e na selección da mostra dirixida do ano seguinte, ademais de ser a base do “Informe Anual de Resultados” que se ten que elaborar e remitir dende o SERSEGAL ao MAGRAMA. Este seguimento é independente do control da subsanación ou emenda dos problemas detectados para os que se estableceu un prazo na acta levantada; control este e os seus resultados que deben recollerse no informe anual.

Modelo Excel a cumprimentar polo responsable do servizo provincial e enviar os datos o SERSEGAL.

ESPECIE ANIMAL				INCUMPLIMIENTO: CON PLAZO DE SUBSANACIÓN		INCUMPLIMIENTO
				ACTA INICIAL	ACTA SUBSANADA	
BOVINO	REGA	PROGRAMADA SI/NON	CONFORME ou FAVORABLE			ACTA PARA EXPEDIENTE SANCIONADOR

1.- As condicións xerais de hixiene da explotación gandeira:							2- Requisitos especiais de hixiene na explotación de produción de leite			3.- A xestión axeitada da alimentación dos	
A	B	C	D	E	F	G	A	B	C	A	B

4.- A xestión sanitaria global da explotación:						5.- O uso racional dos medicamentos veterinarios			6.- A xestión dos subprodutos		7.- Os rexistros que deben ser mantidos de forma obrigatoria:					
A	B	C	D	E	F	A	B	C	A	B	A	B	C	D	E	F

2.- INCUMPRIMENTOS DO PROGRAMA:

Nos controis oficiais deste programa de control de hixiene, aplicaranse as medidas oportunas ante a detección de incumprimentos.

Defínese “Incumprimento” segundo o Regulamento (CE) nº 882/2004 “*o feito de non cumprir a normativa en materia de pensos e alimentos e as normas para a protección da saúde animal e o benestar dos animais*”.

Ante un incumprimento segundo o Regulamento (CE) nº 882/2004 aplicáanse as medidas establecidas no artigo 54 do mesmo e o 55 no caso de establecemento de sancións por parte das autoridades nacionais.

Independentemente diso poderanse tomar medidas de forma inmediata segundo a gravidade do incumprimento, como:

- ✓ Intervención cautelar da explotación
- ✓ Suspensión da actividade e peche
- ✓ Inmobilización do gando,...

Os incumprimentos dividiranse en:

- ✓ Incumprimentos que xeran proposta de expediente sancionador: Infraccións leves, graves ou moi graves.
- ✓ Incumprimentos que non xeran inicio de expediente sancionador.

A. Incumprimentos que xeran proposta de expediente sancionador (infraccións).

Se no transcurso dunha inspección se descobre algún feito grave, tipificado como tal na normativa correspondente e que poida dar lugar a un problema de saúde pública, **débase actuar de inmediato con medidas cautelares** e, se procede, coa incoación do correspondente procedemento sancionador.

Segundo o establecido na Lei 8/2003 de Sanidade Animal e a Lei 17/2011 de seguridade alimentaria e nutrición, para este programa de control, considéranse infraccións os incumprimentos nos requisitos seguintes:

- 1) As simples irregularidades na observancia das normas de seguridade alimentaria (será leve a non ser que se tipifique como grave ou moi grave)
- 2) Deficiencias nos rexistros ou cuantos documentos obriguen a levar as disposicións vixentes de interese en seguridade alimentaria (leve). A súa ausencia poderá ser considerará como infracción grave ou moi grave
- 3) Falta de comunicación de sospeita de enfermidade animal ou comunicación fóra do prazo establecido (leve, grave ou moi grave)
- 4) Oposición ou falta de colaboración coa autoridade de control (leve). Se esta acción impide ou dificulta a inspección a infracción considerárase grave ou moi grave
- 5) Considerárase infracción grave a ausencia de sistemas e procedementos que permitan identificar os operadores económicos a calquera persoa que lles suministre un alimento, un penso, un animal destinado á produción de alimentos ou calquera sustancia destinada a ser incorporada a un alimento ou penso ou con probabilidade de selo.
- 6) Considérase infracción grave o incumprimento ou transgresión das medidas cautelares adoptadas para evitar a difusión de enfermidades ou sustancias nocivas ou para a prevención loita e control ou erradicación de enfermidades ou sustancias nocivas. (esta infracción tamén pode ser moi grave)

7) O abandono de animais, cadáveres ou produtos e materias primas que entrañen risco para a saúde pública ou sanidade animal ou o seu envío a destinos non autorizados (pode ser tamén infracción moi grave)

8) A falta de desinfección, desinsectación ou medidas sanitarias que se establezan regulamentariamente para explotacións e vehículos de transporte de animais. (grave)

A clasificación da infracción en leves, graves ou moi graves será determinada pola autoridade competente correspondente.

B. Incumprimentos que non xeran proposta de expediente sancionador (Prazo de subsanación)

Todo o que non estea incluído no apartado anterior e forme parte dos requisitos que establece a normativa que se recolle neste programa, poderá constituír incumprimento que non xere proposta de sanción nin outras medidas de actuación graves, senón medidas de actuación inmediata e máis fácil resolución como:

- ✓ Apercibimento
- ✓ Advertencia previa ao titular, cun prazo para corrixir a deficiencia (**72 horas**)
- ✓ Comunicación de establecemento de prazos de corrección e reinspección, etc.

Ante este tipo de incumprimento, adoptaranse medidas para o retorno ao cumprimento, permitírase certa marxe ao produtor para a emenda das non conformidades, e estableceranse prazos abondo para permitir o retorno ao cumprimento, e cunha finalidade formativa e informativa.

COMUNICACIÓN DE INCUMPRIMENTOS DETECTADOS EN INSPECCIÓN DOS SERVICIOS VETERINARIOS OFICIAIS EN RELACIÓN CON OUTROS REQUISITOS A CONTROLAR. CONDICIONALIDADE.

En relación aos incumprimentos nos Plans de controis específicos dos sistemas de **seguridade alimentaria, hixiene na produción primaria, medicamentos, etc.**, detectados nas inspeccións das materias competencia da Subdirección correspondentes a **requisitos** a controlar na condicionalidade deben ser comunicados ao organismo pagador das axudas. Este informe de resultado de inspección debe ser asinado, tal como ven no seu procedemento, polo “O/A xefe/a do Servizo Provincial de Gandería”.

Ao respecto, cando os Servizos Veterinarios Oficiais detecten calquera tipo de incumprimento en aspectos obxecto de condicionalidade, sinalarán na propia acta de inspección que o **“dito incumprimento pode terse en conta a efectos de**

condicionalidade”, e remitirase a mencionada acta, na que deben figurar claramente os incumprimentos, ao Servizo de Gandería provincial.

En base ás actas remitidas, os Servizos provinciais elaborarán os correspondentes informes sectoriais de condicionalidade, **“INFORME DE RESULTADO DE INSPECCIÓN SECTORIAL DE.....A EFECTOS DE CONDICIONALIDADE”.**

Os informes de condicionalidade de incumprimentos detectados nestas inspeccións serán enviados ao servizo de Sanidade Animal a medida que vaian acontecendo, nos mesmos prazos sinalados para comunicar os incumprimentos detectados nas inspeccións de condicionalidade ou nas inspeccións sectoriais de identificación e rexistro, e en todo caso **antes do 30 de xaneiro.**

**INFORME DE RESULTADO DE INSPECCIÓN SECTORIAL DE SEGURIDADE ALIMENTARIA
A EFECTOS DE CONDICIONALIDADE
ANO 2015.
ÁMBITO DE SEGURIDADE ALIMENTARIA**

INFORMACIÓN DA EXPLOTACIÓN Nome e apelidos: NIF/CIF titular explotación: Localización REGA:		AUTORIDADE DE CONTROL: SUBDIRECCIÓN XERAL DE GANDERÍA	
		DATA DO CONTROL:	
RESULTADOS DEFINITIVOS DOS CONTROIS DE SEGURIDADE ALIMENTARIA			
REQUISITO LEGAL DE XESTIÓN 4		REQUISITO LEGAL DE XESTIÓN 5	
FAVORABLE	NON FAVORABLE	FAVORABLE	NON FAVORABLE

....., de de 2015

O/A xefe/a do Servizo Provincial de Gandería

(Ver:[http://rede.agri.local/intranet/DocumentosGanderiaDetalle.do?cod_documento=24&descripcion=CONDICIONALIDADE: INFORME SECTORIAL SEGURIDADE ALIMENTARIA CONDIC IONALIDADE \(06-02-2015\)\)](http://rede.agri.local/intranet/DocumentosGanderiaDetalle.do?cod_documento=24&descripcion=CONDICIONALIDADE: INFORME SECTORIAL SEGURIDADE ALIMENTARIA CONDIC IONALIDADE (06-02-2015))))

3.- PROCEDEMENTO PARA LEVAR A CABO O CONTROL DA CALIDADE DOS PROGRAMAS DE CONTROL OFICIAL DO SERSEGAL 2016 -2020

O deseño dos programas de control incluírá un sistema de verificación da calidade dos controis con indicadores adecuados para a avaliación da eficacia do control unha vez implantado. Estes indicadores deberan aplicarse a cada programa de control, e estar baseados nalgúns dos seguintes criterios:

- 1.- Relación entre nº de controis programados/ nº de controis realizados
- 2.- Verificación dos controis realizados segundo o establecido.
- 3.- Establecemento de sistemas de relación co persoal encargado de realizar as visitas de control oficial, nas que se informa das modificacións, actualizacións ou incidencias do plan (reunións, protocolos de actuación, guías de cobertura, instrucións, formación, arquivos informáticos compartidos,...)
- 4.- Supervisión “in situ” das tarefas realizadas polo persoal encargado das visitas de control oficial e verificación documental.
 - ✓ Supervisión do expediente completo de inspección.
 - ✓ Supervisión da execución do control oficial mediante o acompañamento do inspector por un técnico supervisor.

PROGRAMA DE CONTROL OFICIAL DE HIXIENE E SANIDADE NA PRODUCCIÓN PRIMARIA GANDEIRA:

En relación ás porcentaxes de cada tipo de supervisión, e para este programa de control, realizaranse as seguintes supervisións, entendendo sempre que se fará unha selección das inspeccións realizadas, isto é sobre a porcentaxe de mostraxe establecida en cada caso .

1. Supervisión documental do 100% dos controis nos que se teñan detectado non conformidades ou incumprimentos. Esta é unha verificación non do expediente correspondente en si mesmo, senón do control oficial realizado, procedementos, traballo do inspector, elaboración formal do acta, é pois un control do traballo desenvolvido polo inspector.
2. Supervisión documental dun mínimo do 3% dos controis programados que non tiveron incumprimentos ou non conformidades
3. Un mínimo do 1% de supervisións in situ, nos que un superior ao inspector que debe realizar a inspección, acompañaralle e supervisaralle o seu traballo en todo o proceso. Fará esta supervisión cun protocolo ou acta de supervisión.

Estas supervisións teñen que facerse co protocolo do anexo II e reportaranse no informe anual correspondente.

(Ver:http://rede.agri.local/intranet/DocumentosGanderiaDetalle.do?cod_documento=63&descripcion=PLAN+XERAL+DOS+CONTROIS+DO+SERVIZO+DE+SEGURIDA+DE+ALIMENTARIAPlan de control oficial da seguridade alimentaria nas producións gandeiras do SERSEGAL 2016-2020. PROCEDEMENTO PARA LEVAR A CABO O CONTROL DA CALIDADE DOS PROGRAMAS DE CONTROL OFICIAL DO SERSEGAL 2016-2020).